

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ORDE do 30 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para o fomento de plantacións de castiñeiro para froito e para a rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento MR670D).

Estas axudas teñen como obxectivo o fomento da plantación de castiñeiro para froito e a rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros. As axudas teñen o seu encaixe no Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).

Dentro dos obxectivos que recolle o PRTR está alcanzar un bo estado de conservación dos ecosistemas mediante a súa restauración ecolóxica cando sexa necesaria, e revertir a perda de biodiversidade, garantindo un uso sustentable dos recursos naturais e a preservación e mellora dos seus servizos ecosistémicos, recollido no seu compoñente 4: Conservación e restauración de ecosistemas e a súa biodiversidade. Este compoñente, inclúe entre outros, o investimento 3, Restauración de ecosistemas e infraestrutura verde. O devandito investimento comprende un conxunto de investimentos e liñas de subvencións en apoio á implementación da reforma 2 do PRTR, denominado Restauración de ecosistemas naturais, recuperación de zonas alteradas por actividades mineiras, fomento da conectividade e iniciativas en contornas urbanas destinadas ao seu reverdecemento e achegamento da natureza.

Cómpre sinalar que, tal e como se recolle na epígrafe Compoñente 4 do PRTR, as actuacións recollidas nesta orde de axudas, como parte do investimento 3, contribúen á transición ecolóxica, cunha contribución ao clima dun 40 % e unha contribución ao ambiente dun 100 %.

Por iso, a Consellería do Medio Rural desenvolve este sistema de axudas co obxectivo de fomentar a plantación de castiñeiro para froito e a rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros, dado que, ademais de contribuír á restauración de ecosistemas en territorios e ecosistemas degradados, estas iniciativas están aliñadas con diferentes programas que desenvolve a Xunta de Galicia e, en concreto, coa primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, cara á neutralidade carbónica, aprobado polo Decreto 140/2021, do 30 de setembro, e co programa estratéxico do castiñeiro e da produción



de castaña, dado a coñecer ao Consello da Xunta na súa xuntanza do 25 de maio de 2022. O desenvolvemento deste programa é a ferramenta que guía e orienta as liñas de actuación coa finalidade de acadar unha serie de obxectivos cuantitativos no horizonte temporal 2020-2040 recollidos na primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 nas seguintes intervencións:

- Recuperación de soutos tradicionais en produción mediante medidas de rehabilitación.
- Creación de novas superficies de soutos para a produción principal de castaña.
- A creación de novas superficies de soutos para a produción principal de madeira.

As axuda recollidas nesta orde contribuirán a acadar os obxectivos cuantitativos establecidos nas dúas primeiras intervencións.

Para financiar esta convocatoria de axudas, a Consellería do Medio Rural dispón nos seus orzamentos dun total de 3.586.748 euros, incluídos no investimento 3 do compoñente 4 do PRTR, segundo o acordado nas conferencias sectoriais de ambiente do 9 de xullo de 2021 e do 15 de decembro de 2021. As devanditas actuacións son financiáveis co Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR), establecido polo Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

Así mesmo, e respecto da tramitación destas axudas destinadas ao sector forestal, desde as convocatorias do ano 2018 incluíuse como obrigatoria a tramitación electrónica do procedemento por parte das persoas físicas solicitantes, xa que se considerou acreditado que poden ter acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios, xa que, de acordo coa experiencia de anos anteriores e tamén por razón da súa capacidade económica, na tramitación das axudas as persoas físicas son asesoradas na maioría dos casos por gabinetes técnicos, os cales formalizan practicamente toda a solicitude de axuda (proxecto técnico, memorias xustificativas das actuacións, etc.).

Ademais, a tramitación electrónica do procedemento redunda nunha maior comodidade na presentación e recepción de documentos, así como nunha maior rapidez, seguridade e axilidade na tramitación, cuestións moi valoradas polas persoas físicas.

Por todo o anterior, e polos bos resultados de xestión das convocatorias de axudas dirixidas ao sector forestal dos anos 2018, 2019, 2020, 2021 e 2022, a tramitación electró-



nica é obrigatoria tamén para as persoas físicas e está supeditada aos límites establecidos no artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das facultades que me confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa concorrente,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases que regulan as axudas para o fomento de plantacións de castiñeiro para froito e para a rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros, e proceder á súa convocatoria para o ano 2023, en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento administrativo MR670D).

2. Estas axudas ampáranse nas actuacións incluídas nos investimentos I3, restauración de ecosistemas e infraestrutura verde do compoñente 4 do PRTR, segundo o acordado nas conferencias sectoriais de ambiente, do 9 de xullo de 2021 e do 15 de decembro de 2021, e, polo tanto, o marco normativo básico é o seguinte:

– Regulamento (UE) nº 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19.

– Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia.

– Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os regulamentos (UE) nº 1296/2013, (UE) nº 1301/2013, (UE) nº 1303/2013, (UE) nº 1304/2013, (UE) nº 1309/2013, (UE) nº 1316/2013, (UE) nº 223/2014 e (UE) nº 283/2014 e a Decisión nº 541/2014/UE, e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) nº 966/2012.

– Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) de España aprobado o 16 xuño de 2021 pola Decisión de execución do Consello da Unión Europea.



– Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR.

– Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR.

– Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que proporcionarán as entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.

– Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006.

– Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

– Lei 4/2019, do 17 de xuño, de administración dixital de Galicia.

– Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Na falta do previsto nesta normativa, aplicaranse as normas de dereito administrativo, incluídas as sectoriais, así como as normas de dereito privado ou outras de ámbito nacional ou europeo que puidesen resultar aplicables.

3. As actuacións subvencionadas atenderán ao principio de «non causar dano significativo» a ningún dos obxectivos ambientais establecidos no Regulamento (UE) nº 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables, e polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 2019/2088.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. O disposto nesta orde será de aplicación para todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con exclusión:

a) Dos bosques ou outras superficies forestais que sexan propiedade da Administración central ou autonómica.



- b) Dos bosques e outras superficies forestais propiedade da Coroa.
- c) Dos bosques que pertencen a empresas públicas.
- d) Dos bosques propiedade de persoas xurídicas, cando polo menos o 50 % do seu capital pertenza a algunha das institucións anteriormente citadas.
- e) Das superficies que tivesen algún compromiso de mantemento e/ou conservación de ordes de axuda anteriores e as súas accións foran obrigadas para o cumprimento dos ditos compromisos.
- f) Dos terreos cun proceso iniciado de expropiación forzosa.
- g) Dos terreos que dentro da Rede Natura 2000 teñan hábitats prioritarios establecidos na Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, excepto no caso de terreos que inclúan o tipo de hábitat prioritario Bosques de *Castanea sativa*, co código 9260.
- h) Dos terreos onde o Plan xeral de ordenación municipal ou, na súa falta, no Plan básico autonómico de Galicia (Decreto 83/2018, do 26 de xullo; DOG nº 162, do 27 de agosto) estableza unha clasificación do solo en que se vaia actuar que non permita as actuacións polas que se solicita axuda.
- i) No caso das axudas acollidas á liña I, os terreos en que existen arbores nos últimos cinco anos ou que teñan fracción de cabida cuberta igual ou superior ao 20 %, excepto nos seguintes casos:
- Superficies ocupadas por eucalipto (*Eucalyptus sp.*) con diámetro normal medio inferior a 10 cm, que si poderán ser obxecto de axudas.
 - Superficies ocupadas por acacia negra (*Acacia melanoxylon*), mimosa (*Acacia dealbata*) e/ou falsa acacia (*Robinia pseudoacacia*), que si que poderán ser obxecto de axudas.
 - Superficies ocupadas por masas mixtas de coníferas, frondosas e matogueiras, con diámetro normal medio conxunto inferior aos 10 cm, en que a superficie ocupada pola especie dominante non supere o 60 % da superficie total, que si que poderán ser obxecto de axudas.



2. Non obstante o establecido no punto anterior en relación cos montes propiedade do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, a axuda poderá ser concedida se o órgano que xestiona esas terras é un organismo privado. Nese caso unicamente se ofrecerá a axuda para os custos de establecemento.

3. Os montes consorciados ou conveniados coa Administración, na data en que remate o prazo de solicitude da axuda, non poderán solicitar as axudas dentro da superficie consorciada ou conveniada agás que, na data de remate para a presentación da solicitudes, teñan solicitado a rescisión dos devanditos consorcios ou convenios.

Artigo 3. *Liñas de axudas*

As liñas de axudas obxecto de subvención son as seguintes:

- Liña I: fomento de plantacións de castiñeiro para froito.
- Liña II: rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiro.

Estas dúas liñas contribúen á restauración dos ecosistemas naturais, conforme o establecido na liña de investimento 3 do compoñente 4 e contribúen á consecución do obxectivo 71, Actuacións de restauración de ecosistemas, do PRTR: polo menos 30.000 hectáreas cubertas por actuacións finalizadas de restauración de ecosistemas en territorios ou ecosistemas degradados.

Artigo 4. *Tipos de superficies obxecto de axuda*

1. Poderán ser obxecto de axuda os terreos nos cales a normativa sectorial (urbanística, ambiental, de augas, de patrimonio, etc.) o permita e que estean identificados no Sistema de identificación xeográfica de parcelas agrícolas (Sixpac) como:

- Forestal (FO).
- Pasto con arboredo (PA).
- Pasto arbustivo (PR).
- Pasteiro (código PS).
- Froiteiras (código FY).



– Terras arables (código TA).

2. En todo caso, será de aplicación o disposto no Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, e no establecido na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e a normativa de desenvolvemento, así como na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. Ao abeiro de establecido na devandita lei, os polígonos agroforestais e as aldeas modelo poderán ser obxecto de axudas.

3. Os terreos obxecto de solicitude de axuda, coa excepción dos que estean identificados no Sistema de identificación xeográfica de parcelas agrícolas (Sixpac) como froiteiras (código FY) como terras arables (código TA), no momento da solicitude de axuda, deberán contar cun instrumento de ordenación ou xestión forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados, e as accións solicitadas deben estar previstas nel, ou deberán estar adheridos aos modelos silvícolas, consonte o establecido no Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia (procedemento MR627D), e na Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia, así como na súa modificación mediante a orde, do 9 de febreiro de 2021 pola que se modifica o anexo I da antedita Orde e as actuacións solicitadas deberán ser coherentes co dito modelo.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, nos casos debidamente xustificadas, poderán ser obxecto de axudas da liña I actuacións non recollidos nos devanditos instrumentos de ordenación ou xestión forestal. Nestes casos, as persoas titulares deberán solicitar as modificacións correspondentes dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal que deberán estar aprobados no prazo dun ano contado desde o seguinte día ao da solicitude de pagamento e xustificación presentada. De non aprobarse as devanditas modificacións no prazo establecido, iniciárase o correspondente procedemento de reintegro, tal e como se prevé no artigo 23 desta orde.

4. Os terreos obxecto de solicitude de axuda que estean identificados no Sistema de identificación xeográfica de parcelas agrícolas (Sixpac) como froiteiras (código FY) e terras arables (código TA), no momento da solicitude de axuda, deberán contar coas autorizacións que, de ser o caso, sexan exixibles para realizar as actuacións recollidas neste tipo de terreos, e deberán cumprir co resto dos requisitos exixibles, ao abeiro da normativa sectorial aplicable.



Artigo 5. Beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias as entidades locais e as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda, entendendo por titulares tanto propietarios como arrendatarios ou xestores dos montes ou terreos forestais e/ou dos seus aproveitamentos, que actúen mediante arrendamentos, cesións ou contratos plurianuais coa propiedade cuxo obxecto sexa inequivocamente a xestión do monte ou terreo forestal e/ou agrícola e/ou dos seus aproveitamentos, e non sexan incompatibles cos compromisos a que están obrigadas as persoas beneficiarias ao abeiro do establecido na presente orde e na normativa aplicable.

2. Así mesmo, poderán ser persoas beneficiarias as agrupacións forestais de xestión conxunta, incluídas as sociedades de fomento forestal (Sofor), que estean inscritas, de instancia ou oficio, no Rexistro de Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta, ou no Rexistro das Sofor, e os axentes promotores produtivos que, ao abeiro do establecido na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, sexan adxudicatarios de propostas de actuación nos polígonos agroforestais de iniciativa pública ou nos polígonos cortalumes ou que sexan promotores de polígonos agroforestais de iniciativa privada. Tamén serán persoas beneficiarias aquelas cuxas propostas para o aproveitamento de parcelas incorporadas a aldeas modelo, ao abeiro do establecido na Lei 11/2021, do 14 de maio, resulten seleccionadas. Tanto os polígonos agroforestais como as aldeas modelo, deberán estar rexistrados respectivamente, no Rexistro Público de Polígonos Agroforestais e no Rexistro de Aldeas Modelo da Comunidade Autónoma de Galicia regulados na devandita lei.

3. Os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, e as comunidades de montes veciñais en man común (en diante, CMVMC).

4. Os beneficiarios deben cumprir os requisitos establecidos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

5. As CMVMC deberán estar legalmente constituídas e regulamentariamente inscritas no Rexistro Provincial de CMVMC, de acordo co disposto no artigo 57 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, para poder acceder a estas subvencións e cumprir co disposto no artigo 125 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e no Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o reinvestimento dos



ingresos obtidos polas CMVMC en actuacións de mellora e protección forestal, como moi tarde o día en que remate o prazo de solicitude da axuda. En calquera caso, seralles de aplicación o réxime transitorio disposto na disposición adicional sétima da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

6. Non poderán ser beneficiarias aquelas empresas que entren dentro da categoría de empresas en crise, de acordo coa definición do Regulamento (UE) nº 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. Unha empresa está en crise cando concorre polo menos unha das seguintes circunstancias:

a) Tratándose dunha sociedade de responsabilidade limitada, cando desaparecese máis da metade do seu capital social subscrito como consecuencia das perdas acumuladas, circunstancia que sucede cando a dedución das perdas acumuladas das reservas (e de todos os demais elementos que se adoitan considerar fondos propios da sociedade) conduce a un importe acumulativo negativo superior á metade do capital social subscrito.

b) Tratándose dunha sociedade na cal polo menos algúns socios teñen unha responsabilidade ilimitada sobre a débeda da sociedade, cando desaparecese polas perdas acumuladas máis da metade dos seus fondos propios que figuran na súa contabilidade.

c) Cando a empresa estea inmersa nun procedemento de quebra ou insolvencia ou reúna os criterios establecidos legalmente para ser sometida a un procedemento de quebra ou insolvencia por pedimento dos seus acredores.

As pemes con menos de tres anos de antigüidade non se considerarán empresa en crise salvo que cumpran a condición establecida na letra c).

Para verificar o cumprimento deste requisito, as empresas solicitantes deberán declarar na solicitude que non se encontran en situación de crise conforme a normativa comunitaria.

7. Non poderán ser beneficiarias aquelas empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Artigo 6. *Intensidade da axuda*

1. En liña co establecido no eixe 3, Desenvolvemento e revitalización de aproveitamentos forestais do castiñeiro do Programa estratéxico do castiñeiro e da castaña, e no



eixe III.1, Fomento de fórmulas de mobilización de terras e fomento de agrupacións forestais de xestión conxunta, así como na medida I.1.1, Programa de fomento de xestión activa de frondosas autóctonas da primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, a intensidade de axuda para estas actuacións será do 100 %.

2. Calcularase a axuda sobre o custo real subvencionable do investimento determinado no correspondente proxecto técnico ou no anexo IV, segundo sexa o caso.

Artigo 7. Actuacións obxecto de axuda e importes máximos subvencionables

1. As actuacións que poderán ser obxecto de subvención son as seguintes:

a. Liña I: fomento de plantacións de castiñeiro para froito.

1º. Gastos de plantación forestal:

Estes gastos incluírán os necesarios para o tratamento da vexetación preexistente, a preparación previa do terreo, adquisición de planta, emenda calcaria, fertilización, a plantación, ademais de medios auxiliares como a achega de recursos hídricos de xeito puntual planta por planta, empregando medios que non supoñan a implantación de infraestruturas permanentes de rega co obxecto de garantir a supervivencia da planta posterior á plantación, a protección da planta mediante protectores, os titores e outros materiais necesarios, e a implantación vexetal.

Deberán usarse as variedades de castiñeiro para froito que figuran no anexo VIII da presente orde, enxertados sobre portaenxertos de *Castanea sativa* ou *Castanea hybrida*.

Os importes máximos do investimento en euros por hectárea de actuación, que se calculará aplicando os valores recollidos no anexo IX, serán os seguintes:

• 100 plantas/ha (equivalente a un marco de 10×10 m): plantación de planta enxertada: 4.845,50 €/hectárea.

En virtude do establecido no anexo I da Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia, para o modelo CS2, será admisible subir a densidade ata 204 plantas/ha (equivalente a un marco de 7×7 m) en áreas de montaña máis setentrionais. Non obstante, cando as persoas solicitantes elixan a devandita opción, o im-



porte máximo do investimento seguirá sendo o previsto para a opción de 100 plantas/ha, é dicir, 4.845,50 €/hectárea.

- 69 plantas/ha (equivalente a un marco de 12×12 m): plantacións de planta enxertada: 4.037,95 €/hectárea.

- 50 plantas/ha (equivalente a un marco de 14×14 m): plantacións de planta enxertada: 3.543,00 €/hectárea.

Estes importes máximos non inclúen os custos de redacción de proxecto e o panel.

Deste importe máximo de investimento por hectárea de actuación restarase o importe por hectárea correspondente a calquera outro tipo de axudas públicas que ás persoas beneficiarias poidan terlle sido outorgadas na mesma superficie para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes nos últimos 5 anos, sendo o cómputo deses anos con respecto ao ano de concesión da axuda (polo que na convocatoria do ano 2023 será desde o ano 2018 en diante).

2º. Tratamento da vexetación preexistente.

O tratamento da vexetación preexistente realizarase a través de rozas que afectarán a totalidade da superficie de xeito que a altura do mato, unha vez rozado, non superará os 10 cm.

3º. Infraestruturas de acompañamento, obras complementarias e panel das plantacións que se realicen ao abeiro desta orde. Estarán suxeitas aos seguintes condicionantes:

a) Deberanse localizar dentro ou estremeiras coa área obxecto da plantación.

b) O importe máximo do investimento en euros calcularase aplicando os módulos recollidos no anexo IX, será de 50,00 euros por panel (máximo subvencionable un panel por solicitude, e só no caso de que o solicitante estea obrigado á súa colocación segundo o artigo 29); e de 7.580,00 euros por quilómetro de peche perimetral.

c) Ademais, a repercusión máxima total por hectárea de actuación no peche perimetral será de 2.000 euros. Só se subvencionará sempre que se xustifique a súa necesidade (gando, fauna cinexética, ...), independentemente do tipo de beneficiario de que se trate. En todos os casos o peche deberá garantir a protección efectiva dunha área concreta ou de toda a superficie de actuación. No caso de non alcanzarse a lonxitude necesaria para iso



pola limitación establecida nesta alínea, o treito máximo subvencionable poderá engadirse a outro/s non subvencionados sempre que con iso se chegue a delimitar totalmente unha área concreta ou toda a superficie de actuación, e se garanta a súa protección. De non ser así, non será subvencionable.

4º. Poderanse subvencionar os honorarios de redacción de proxecto técnico, que deberá ser elaborado por unha persoa titulada en enxeñaría de Montes ou enxeñaría técnica Forestal, ou titulada universitaria de grao ou posgrao en materia forestal, logo de solicitude, segundo o máximo por hectárea indicado no anexo IX de traballos, a maiores dos gastos de plantación e das infraestruturas de acompañamento, e só naqueles casos onde é obrigatoria a súa presentación. En todo caso, é obrigatoria a presentación dunha certificación expedida por persoa técnica competente, sobre a idoneidade da calidade de estación para a plantación de castiñeiro para froito, tendo en conta o futuro escenario que se presenta co cambio climático. A devandita certificación deberá incluír información sobre as condicións do solo (profundidade, pH, granulometría e estrutura, contido de nutrientes, contido de materia orgánica etc.), a altitude, a exposición e a pendente, entre outros. A información relativa ás condicións do solo recoméndase que estea baseada en análises de solo levadas a cabo por laboratorios acreditados de acordo coa normativa aplicable na materia.

5º. Primas de mantemento.

As persoas beneficiarias das axudas establecidas na presente orde de axudas incluídas na liña I estarán obrigadas a solicitar a correspondente prima para o mantemento das superficie obxecto das axudas na primeira convocatoria de axudas que estableza as devanditas primas para as cales sexan elixibles as devanditas superficies. A prima de mantemento está destinada ao coidado, reposición de calvas, mantemento, fertirrigación, no caso de ser necesaria, e demais traballos posteriores á plantación do castiñeiro para froito que son necesarios para o logro da plantación realizada.

As devanditas primas de mantemento subvencionarase con cargo á correspondente intervención do PEPAC 21-27 de España, estableceranse para un número suficiente de anualidades e, sempre que sexa posible, a primeira deberá coincidir co ano seguinte ao pagamento final da obra de plantación.

O incumprimento da obriga de solicitar a correspondente prima de mantemento por parte das persoas beneficiarias na primeira convocatoria en que resulten elixibles as superficies obxecto da liña I de axudas da presente orde comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro das cantidades percibidas e



poderá supor a apertura dun expediente sancionador segundo se establece na Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia. Así mesmo, o incumprimento da obriga de executar os traballos previstos na prima de mantemento aprobada e de realizar un mantemento axeitado do investimento realizado terá as mesmas consecuencias.

b. Liña II: rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros

1º. Actuacións silvícolas.

É subvencionable o conxunto das actuacións silvícolas necesarias, agás a poda, que queda prohibida nestes rodais, para as actuacións silvícolas necesarias para a xestión e o aproveitamento, así como para a restauración dos ecosistemas formados por soutos tradicionais de castiñeiro, que deberán contar con instrumento de ordenación ou xestión forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados, debendo estar previstas nel as accións solicitadas, ou deberán contar coa adhesión ao modelo silvícola CS3, establecido na Orde do 19 de maio de 2014. O obxectivo do modelo é a produción de froito e outros aproveitamentos, incluíndo a produción mixta froito-madeira, e a persistencia en soutos tradicionais, á vez que presentan un bo estado de conservación ecolóxica.

As actuacións, para a mellora da restauración destes ecosistemas formados polos soutos tradicionais de castiñeiros, son as indicadas na devandita orde e inclúen o seguimento e control de problemas fitosanitarios, en particular de cancro, perforadores de castaña e avespiña, e o aumento da densidade dos soutos mediante a plantación de castiñeiros das variedades para froito recollidas no anexo VIII da orde, de enxertados sobre portaenxertos híbrido resistente á tinta (*Castanea x hybrida*) ou castiñeiro (*Castanea sativa*).

a) Estes gastos incluírán os necesarios para as rozas, o aumento da densidade, a eliminación de abrochos secundarios ou chupóns, os rareos, a emenda calcaria, a fertilización, a gradadura, o espedrado, a sementeira con especies herbáceas e o pase de rolo. Esta derradeira actuación será obrigada en caso de que se solicite a actuación de sementeira con especies de herbáceas. O obxecto desta actuación é a implantación dun estrato herbáceo que permita a recollida mecanizada do froito.

b) Dentro desta epígrafe poderán solicitarse e acumularse diferentes actuacións sobre unha mesma superficie sempre que o importe por hectárea non supere os 2.922,57 € para as seguintes actuacións: as rozas, o aumento da densidade, a eliminación de abrochos secundarios ou chupóns e os rareos, e sen incluír os custos de redacción do proxecto e o panel.



2º. As rozas serán selectivas e afectarán preferentemente as especies heliófilas ou cuxo excesivo desenvolvemento poida comprometer a viabilidade do arboredo ou a biodiversidade das especies de subsolo do souto. Ademais, priorizarase a eliminación de eucalipto (*Eucalyptus sp.*), acacia negra (*Acacia melanoxylon*), mimosa (*Acacia dealbata*) falsa acacia (*Robinia pseudoacacia*) e piñeiro (*Pinus sp.*).

3º. Infraestruturas de acompañamento, obras complementarias e panel dos traballos que se realicen ao abeiro desta orde. Estarán suxeitas aos seguintes condicionantes:

a) Deberanse localizar dentro ou estremeiras coa superficie de actuación.

b) O importe máximo do investimento en euros calcularase aplicando os módulos recollidos no anexo IX, será de 50 euros por panel (máximo subvencionable un panel por solicitude, e só no caso de que o solicitante estea obrigado á súa colocación segundo o artigo 29), e de 7.580,00 euros por quilómetro de peche perimetral.

c) Ademais, a repercusión máxima total por hectárea de actuación no peche perimetral será de 2.000 euros. Só se subvencionará sempre que se xustifique a súa necesidade (gando, fauna cinexética, ...), independentemente do tipo de beneficiario de que se trate. En todos os casos o peche deberá garantir a protección efectiva dunha área concreta ou de toda a superficie de actuación. No caso de non alcanzarse a lonxitude necesaria para iso pola limitación establecida nesta alínea, o treito máximo subvencionable poderá engadirse a outro/s non subvencionados sempre que con iso se chegue a delimitar totalmente unha área concreta ou toda a superficie de actuación, e se garanta a súa protección. De non ser así, non será subvencionable.

4º. Poderanse subvencionar os honorarios de redacción de proxecto técnico, que deberá ser elaborado por unha persoa titulada en enxeñaría de Montes ou enxeñaría técnica Forestal, ou titulada universitaria de grao ou posgrao en materia forestal, logo de solicitude, segundo o máximo por hectárea indicado no anexo IX de traballos, a maiores dos gastos das actuacións silvícolas e das infraestruturas de acompañamento, e só naqueles casos onde é obrigatoria a súa presentación.

2. As actuacións indicadas nas liñas I e II non poderán obter axuda sobre unha mesma superficie. Non obstante, unha mesma persoa beneficiaria poderá obter axudas nas liñas I e II, sobre distintas superficies.

3. O IVE non é subvencionable.



Artigo 8. Condicións técnicas xerais**a. Liña I: fomento de plantacións de castiñeiro para froito****1. As plantacións deberan axustarse ás seguintes condicións técnicas:****a) As densidades mínimas de plantación deberán ser as seguintes:**

– A densidade máxima será de 100 plantas/ha (equivalente a un marco 10×10 m) e a mínima de 50 plantas/ha (marco 14×14 m).

En virtude do establecido no anexo I da Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia, para o modelo CS2 será admisible subir a densidade ata 204 plantas/ha (equivalente a un marco de 7×7 m) en áreas de montaña máis setentrionais.

b) Características da planta:

Empregarase planta enxertada sobre portaenxertos de castiñeiro con algunha das variedades recollidas no anexo VIII.

En cada superficie obxecto de actuación non se poderán empregar máis de dúas das devanditas variedades, incluídas as variedades polinizadoras recollidas no anexo VIII.

Os produtores de planta de castiñeiro para froito deberán estar dados de alta no Rexistro de operadores profesionais, en diante RPVEG (Real decreto 1054/2021, do 30 de novembro, polo que se establecen e regulan o Rexistro de Operadores Profesionais de vexetais, as medidas que deben cumprir os operadores profesionais autorizados a expedir pasaportes fitosanitarios e as obrigas dos operadores profesionais de material vexetal de reprodución, e se modifican diversos reais decretos en materia de agricultura). E deberán estalo, en concreto, para o grupo de vexetais que figura no anexo I do citado real decreto como 1.F Outras froiteiras con regulamento técnico, grupo en que figura a *Castanea sativa* Mill.

Ao tempo, os produtores de planta de castiñeiro para froito deberán observar o disposto no regulamento técnico aludido (Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras e modi-



ficacións posteriores), e o resto da normativa relacionada tanto na produción de materiais vexetais de reprodución como na sanidade vexetal en xeral.

2. A planificación da plantación deberá axustarse ás distancias que exige a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e as súas modificacións, e que se concretan no artigo 68 e anexo II da lei.

3. O resto das condicións técnicas mínimas e limitacións de uso que deben observarse figuran no anexo X.

b. Liña II: rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros cunha densidade mínima de 50 pés/ha.

1. As actuacións silvícolas deberán axustarse ás seguintes condicións técnicas:

a) A densidade máxima ao final da actuación será de 100 plantas/ha (equivalente a un marco 10×10 m) e a mínima de 50 plantas/ha (equivalente a un marco 14×14 m).

b) Cando a actuación prevista teña por obxecto a implantación dun estrato herbáceo para permitir a recollida mecanizada do froito, as actuacións poderán incluír:

- Tras a roza, unha cava ou desfonde.
- Dobre pase de grade pesada de discos ou fresadura.
- Encalado, para o cal se recomenda unha dose de 2.000-3.000 quilogramos de calcaria/ha.
- Fertilización con nitróxeno, fósforo e potasio (NPK) para a cal se recomenda unha dose inferior a 300 kg/ha.
- Sementeira con especies pratenses autóctonas, para a cal se recomenda unha mestura coas seguintes doses: dáctilo 30 kg/ha, raigrás 10 kg/ha e trevo 4 kg/ha).
- Pase de rolo, que será obrigado en caso de que se inclúa entre as actuacións a sementeira con especies pratenses.

2. Os restos das actuacións obxecto das axudas, de producírense, deberán ser triturados ou extraídos para o seu aproveitamento como biomasa.



3. As demais condicións técnicas mínimas e limitacións de uso que deben observarse figuran no anexo X.

c. Todas as liñas.

1. As actuacións deberán estar xustificadas no proxecto técnico cando sexa obrigatoria a súa presentación.

2. Os terreos obxecto de solicitude de axuda deberase cumprir, en todo caso, o disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e as súas modificacións; na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia; nos artigos 12, número 1.e), 15, números 2 ao 8, e 17 do Decreto 105/2006, do 22 de xuño, que regula as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais; na Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal e na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

3. No caso de existiren valores singulares de tipo xeolóxico, edáfico, botánico, faunístico, histórico e paisaxístico delimitarase a súa localización e zona de influencia e excluíranse da superficie de actuación.

4. Todas as persoas solicitantes destas axudas, no momento da solicitude de axuda, deberán ter instrumento de ordenación ou xestión forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados, e as accións solicitadas deben estar previstas nel, ou adhesión aos modelos silvícolas, consonte o establecido no Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia, e a Orde do 19 de maio de 2014; a este respecto, é suficiente con que na solicitude de axuda faga referencia a esta circunstancia. No caso das parcelas identificadas no Sistema de identificación xeográfica de parcelas agrícolas (Sixpac) como froiteiras (código FY) e terras arables (código TA), este requisito non será exixible.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, nos casos debidamente xustificadas, poderán ser obxecto de axudas da liña I, actuacións non recollidas nos devanditos instrumentos de ordenación ou xestión forestal. Nestes casos as persoas titulares deberán solicitar as modificacións correspondentes dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal, que deberán estar aprobados no prazo dun ano contado desde o seguinte día ao da solicitude de pagamento e xustificación presentada. De non aprobarse as devanditas mo-



dificacións no prazo establecido, iniciárase o correspondente procedemento de reintegro, tal e como se prevé no artigo 23 desta orde.

No caso de que o investimento requira unha avaliación de impacto ambiental, esta realizárase conforme o establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. O solicitante deberá acreditar a súa dispoñibilidade en sentido favorable e autorizar a Consellería do Medio Rural para recibir copia do informe para os efectos de tramitación da solicitude, especialmente no caso de terreos na Rede Natura 2000. No caso de que a dita autorización/informe xa conste en poder da Administración, deberá indicalo no impreso de solicitude da axuda. No caso de que, unha vez resolta a concesión da axuda, algunha das autorizacións/informes sexa desfavorable ou sexa entregada fóra do prazo de tres meses, contados desde a resolución de aprobación, procederase á tramitación do correspondente expediente de perda do dereito ao cobramento da axuda. Ademais, o solicitante deberá cumprir a normativa en materia de avaliación de impacto ambiental, en aplicación da Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o ambiente, e conforme o disposto na normativa do Estado, en concreto, na Lei 21/2013, se for de aplicación.

Artigo 9. *Condicións técnicas para a redacción do proxecto das actuacións*

1. No anexo XI figuran as instrucións do formato da información do proxecto técnico en soporte dixital e vectorial, que se debe presentar xunto coa solicitude de axuda e demais documentos.

2. No proxecto, coas actuacións, deberá figurar como mínimo o seguinte:

a) Estado legal do predio obxecto de solicitude de axuda: superficie, localización, estreitos e accesos.

b) Descrición das actuacións que se levarán a cabo.

c1) Para a liña I: especies de portaenxertos, variedades de planta enxertada, densidade final, marco de plantación.

c2) Para a liña II: especies existentes, densidade inicial, densidade final.



d) Indicación, segundo o visor <http://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos/> se existe algunha afección, de que afección se trata e localización das parcelas afectadas.

e) Orzamento, de acordo coa norma UNE 157001 de xuño 2014, Criterios xerais para a elaboración formal dos documentos que constitúen un proxecto técnico.

f) Cartografía: planos sobre mapas oficiais. A planimetría do proxecto presentarase xeoreferenciada en coordenadas UTM, fuso 29, con referencia ao datum ETRS89, e terá que ser achegada en soporte dixital en formato vectorial, en formato *shape* (shp), obtido a partir dun plano de escala mínima 1:10.000, e preferentemente 1:5.000. Indicarase claramente o ano do Sixpac respecto do cal se toman os datos. No caso de instrumento de ordenación, indicaranse os rodais e cantóns de ordenación.

As agrupacións de propietarios terán que incluír nos planos unha referencia que permita coñecer cal é a superficie con que participa cada membro da agrupación.

Nos planos presentados deberá reflectirse indubidablemente onde se localizan os distintos tratamentos que se van efectuar na mesma parcela, tendo que aparecer na correspondente táboa de atributos os datos de tipo e superficie de actuación de cada recinto, segundo a táboa número 1 do anexo XI.

g) Estudo básico de seguridade e saúde.

h) Prego de condicións técnicas: de acordo coas normas de redacción de proxectos.

3. Deberán respectarse as restricións que a autoridade competente en materia de augas estableza.

7. A aprobación das axudas solicitadas en réxime de concorrencia competitiva axustarase aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

8. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de cinco meses, contados a partir do día seguinte ao da finalización do prazo para a presentación de solicitudes. Este prazo poderase ampliar segundo o indicado no artigo 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na resolución de concesión farase constar o importe da axuda, expresado en equivalente bruto de subvención, indicando que para as persoas físicas e xurídicas que realizan acti-



vidades económicas ten natureza *de minimis*, segundo o Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013.

No caso de non se ditar resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da mesma Lei 39/2015.

9. As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución.

Artigo 19. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos, agás as que se refiren no número 6, practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado



enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. Malia o establecido nos anteriores números, as notificacións das resolucións de aprobación e denegación destas axudas realizaranse mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, a persoa beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como a indicación das causas da desestimación e expresaranse, ademais, os recursos que contra a resolución procedan, o órgano administrativo ou xudicial ante o que deben presentarse e o prazo para interpos. Tamén figurará a puntuación de todas as solicitudes que entran no procedemento de concorrencia competitiva. Por outra banda, tamén figurará unha lista de todos os expedientes aprobados que non teñan a autorización ou informe sectorial de afeccións distinta da forestal nos cales se dará un prazo de 3 meses, contados desde a resolución de aprobación, para a súa presentación no caso de que a autorización ou informe sexa desfavorable ou sexa entregada fóra do prazo dado, procederase á tramitación do correspondente expediente de perda do dereito ao cobramento da axuda.

7. Na notificación de concesión da axuda informaranse os beneficiarios de que a operación se financia en virtude dun programa incluído no Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Artigo 20. *Inspeccións previas*

1. Persoal funcionario da Consellería do Medio Rural realizará unha inspección no campo para verificar as superficies polas que se solicita axuda, comprobar os datos da solicitude, a viabilidade dos traballos e súa compatibilidade co Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga). Esta inspección realizarase antes da resolución de aprobación. Unha diferenza superior ao 30 % entre os datos achegados coa solicitude/documentación acreditativa e as comprobacións que resulten na inspección de campo implicará a denegación da axuda. Será remitida, só no caso de minoración ou



denegación, desde os servizos de montes provinciais, copia da inspección aos solicitantes das axudas.

Artigo 21. *Execución dos traballos*

1. O prazo para executar e xustificar as axudas concedidas nesta orde remata o 30 de xuño de 2024.

2. O custo de execución dos traballos subvencionados non pode ser superior ao valor de mercado.

3. A axuda definitiva será a resultante da comprobación final realizada por dúas persoas funcionarias da Consellería do Medio Rural, unha delas distinta das que realizaron a inspección previa.

Coa comprobación final poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente no caso de que se realizase un menor número de unidades de obra das aprobadas sempre que se acade o mínimo de actuación exixible para obter a axuda. Tamén nesa comprobación final se verificará que as actuacións realizadas son compatibles co Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga).

No que respecta ás variedades de castiñeiro de froito utilizadas nas actuacións incluídas na liña I, recollidas no artigo 7.1.a) desta orde, serán obxecto de comprobación final para determinar se se utilizan as recollidas no anexo VIII, enxertadas sobre portaenxertos híbrido resistente á tinta (*Castanea x hybrida*) ou castiñeiro (*Castanea sativa*). A comprobación incluírá o cumprimento efectivo do establecido no artigo 8.a).1.c) no que respecta ás características da planta.

4. Atendendo ao artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase conceder a ampliación do prazo de execución establecido, que non exceda a metade del, se as circunstancias o aconsellan e con isto non se prexudican dereitos dun terceiro. Esta ampliación deberá solicitarse, como mínimo, dous meses antes de que acabe o prazo de execución. Os acordos sobre ampliación dos prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso. Os servizos de montes provinciais proporán as anteditas ampliacións á persoa titular da subdirección xeral responsable dos recursos forestais, que elevará a proposta á persoa titular da dirección xeral responsable da planificación e ordenación forestal para a súa aprobación con base nas funcións delegadas polo conselleiro responsable do medio rural para resolver.



5. Transcorrido o prazo establecido de execución sen ter presentado a xustificación dos traballos subvencionados a que se fai referencia no artigo 21.1, requirirase o beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días hábiles. A falta de presentación da solicitude no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro das cantidades percibidas e poderá supor a apertura dun expediente sancionador segundo se establece na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

6. Así mesmo, no caso de ter presentado a xustificación dos traballos subvencionados, se a persoa beneficiaria é requirida para presentar documentación adicional e non achega esa documentación no prazo establecido no requirimento perderá o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención.

7. Ata dous meses antes da data de remate dos traballos, poderase solicitar unha modificación da resolución de aprobación para reducir a superficie e/ou traballos obxecto de axuda pola aparición de circunstancias técnicas non detectadas na redacción do proxecto. A dita modificación, que poderá aprobarse logo de informe favorable do Servizo de Montes provincial, non poderá superar en ningún caso a superficie de actuación inicialmente aprobada. Para tramitar a solicitude de modificación da resolución de aprobación deberá estar asinada polo beneficiario da axuda, explicar os motivos da dita solicitude e deberá entregar un ficheiro *shapefile* coa nova superficie proposta, que poderá incluír parcelas Sixpac novas. No caso de non contestación á solicitude de modificación, entenderase aprobada.

Artigo 22. *Xustificación dos traballos subvencionables*

1. A data límite de xustificación dos traballos é a establecida no artigo 21.1, e só serán subvencionables os investimentos que se realicen e dos cales se xustifique o seu gasto (factura) e pagamento (xustificante de pagamento) con posterioridade á data da inspección previa, a que se refire o artigo 20, e como límite na data de comunicación do remate dos traballos. Polo tanto, as facturas e os xustificantes de pagamento deberán ter datas entre o día seguinte ao da inspección previa e como límite o da data de notificación de remate dos traballos, sempre que se presentasen en prazo.

2. Malia o anterior, no caso de que as persoas beneficiarias da axuda se acollan á cesión do dereito de cobramento, establecido no número 1 do artigo 83 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro,



xeral de subvencións, considérase efectivamente pagado o gasto coa cesión do dereito de cobramento da subvención a favor dos cesionarios.

3. Xunto coa notificación de remate dos traballos (solicitud de pagamento, anexo VI), achegárase a seguinte documentación:

a) Xustificantes de gasto (facturas) e pagamento. As instrucións para a presentación dos xustificantes de gasto e de pagamento indícanse no anexo XIV. Nos xustificantes de gasto deberá figurar o número de rexistro do Rexistro de Empresas do Sector Forestal (Resfor).

b) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos coas unidades desagregadas por parcelas e traballos como na resolución de aprobación.

c) Unha memoria económica xustificativa que conterà, como mínimo, os seguintes aspectos:

i) Acreditación sobre o número de unidades físicas executadas por código de parcela, de acordo coa desagregación dos traballos aprobados na resolución de concesión vixente. No caso dos propietarios particulares de xeito individual cuxa superficie de actuación sexa igual ou superior a 10 hectáreas, das CMVMC, das sociedades e agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas, das cooperativas agrícolas, dos *pro indivisos*, dos *pro indivisos* legalmente constituídos dos de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío, de fabeo, das comunidades de bens e doutras persoas xurídicas, a acreditación deberá estar asinada por unha persoa titulada en enxeñaría de Montes ou enxeñaría técnica Forestal, ou titulada universitaria de grao ou posgrao en materia forestal.

ii) Contía da subvención calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación e os valores máximos das unidades de obra previstos no anexo X.

iii) Un detalle doutros ingresos ou axudas que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia e co balance final do proxecto (ingresos e gastos), en que deberá figurar a sinatura do solicitante ou representante da axuda.

d) Arquivo gráfico (medición con GPS) en formato dixital SHP ou similar coa superficie afectada polos traballos subvencionados, coas mesmas características que o ficheiro que figura no anexo XIII.



e) Respecto do material vexetal de reprodución empregado:

i) No caso de planta de castiñeiro para froito: deberán observar o disposto no Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras e modificacións posteriores, e o resto da normativa relacionada tanto na produción de materiais vexetais de reprodución como na sanidade vexetal en xeral.

ii) En todos os casos: pasaporte fitosanitario.

f) Certificado final de obra emitido polo director de obra, excepto no caso de propietarios particulares de xeito individual con superficie de actuación inferior a 10 hectáreas, en que figure unha relación valorada dos traballos executados.

g) Só no caso de CMVMC, xustificación do cumprimento da obriga de comunicación establecida no artigo 125.7 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, tendo en conta que as cotas mínimas de reinvestimento das CMVMC serán do 40 % de todos os ingresos xerados.

h) No caso de cesión do dereito de cobramento da axuda cun terceiro:

i) Comunicación do dereito de cobramento, conforme o modelo que figura no anexo VII desta orde. No caso de que o cesionario do dereito de cobramento sexa unha CMVMC, o devandito anexo asinarao o presidente da CMVMC en nome da comunidade, pero deberá constar o certificado do secretario da comunidade no cal indique que a asemblea xeral autorizou, expresamente, o presidente a asinar a dita cesión de cobramento.

ii) Copia do documento público ou privado no cal se formalizou a cesión. No caso de documento privado este deberá estar asinado electronicamente. No caso de documento público xustificación da liquidación do imposto de transmisións patrimoniais de actos xurídicos documentados (ITPAXD).

iii) Copia do DNI/NIF/NIE en vigor da persoa cesionaria, só no caso de denegar expresamente a súa verificación.

iv) Copia do NIF en vigor da entidade cesionaria, excepto autorización para a súa obtención á Administración.



Artigo 23. *Revogacións e reintegros*

1. A axuda reintegrarase, se for o caso, total ou parcialmente, se se dá algún dos seguintes supostos:

a) Se se dá algunha das causas de reintegro sinaladas no artigo 33 la Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Incumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención.

c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

d) Execución de menos do 80 % do importe aprobado, unha vez realizada a certificación final, sen autorización ou causa xustificada excepcional ou de forza maior. Para estes efectos considéranse causas excepcionais ou de forza maior o falecemento da persoa beneficiaria, a incapacidade laboral de longa duración da persoa beneficiaria, unha catástrofe grave que afecte gravemente a explotación forestal, unha enfermidade vexetal que afecte unha parte ou a totalidade da masa arbórea da persoa beneficiaria, ou a expropiación da totalidade ou dunha parte importante da explotación forestal, se esta expropiación non era previsible o día en que se presentou a solicitude.

e) Incumprimento dos prazos para realizar os traballos subvencionados fixados na notificación de aprobación do expediente ou, se é o caso, da prórroga concedida.

f) Modificacións graves das accións previstas, de forma que desvirtúen os obxectivos descritos nesta orde.

g) Incumprimento do ditado en calquera dos artigos desta orde que implique obrigas por parte do beneficiario.

Nestes supostos, a consellería reclamará directamente a devolución das cantidades aboadas en concepto de axudas e os xuros de demora, que se calcularán conforme a normativa vixente, en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non se poderá fixar en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución, sen prexuízo das responsabilidades que procedesen.



Se se descobre que un beneficiario efectuou deliberadamente unha declaración falsa, o expediente de axuda de que se trate quedará excluído da axuda do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e recuperaranse todos os importes que fosen aboados polo dito expediente. Ademais, o beneficiario quedará excluído destas axudas durante o ano natural en que se detectou a irregularidade e durante o ano natural seguinte.

Os beneficiarios desta convocatoria de axudas que non executen as accións previstas, salvo renuncia do beneficiario por forza maior, quedarán excluídos das próximas dúas convocatorias de axuda.

h) Así mesmo, se no caso de que nos controis administrativos sobre a solicitude de pagamento, controis sobre o terreo e *a posteriori* nos cinco anos posteriores ao pagamento da axuda se verifica que non se cumpren as condicións para obter a puntuación aplicada na concorrência competitiva para a aprobación dos expedientes e non se acada a puntuación mínima exixida para esa aprobación, suporá un incumprimento dos compromisos da aprobación e, igualmente, levará como consecuencia a perda do dereito ou o reintegro da axuda.

2. Naqueles supostos en que o importe das subvencións recibidas polo beneficiario exceda os custos da actividade, solicitarase a devolución da cantidade percibida que exceda o custo real da actividade.

3. No caso de pagamento indebido, o beneficiario quedará obrigado a reembolsar o importe en cuestión, ao cal se engadirán, de ser o caso, os xuros conforme o disposto no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014. Os xuros calcularanse en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para o beneficiario, indicado na orde de recuperación, que non poderá superar os 60 días, e a data de reembolso ou dedución.

Artigo 24. *Controis e loita contra a fraude*

1. Os beneficiarios destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice a Consellería do Medio Rural para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, á autoridade de control e aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e ás verificacións do artigo 22 do



Regulamento (CE) nº 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece Mecanismo de recuperación e resiliencia (DOUE do 18 de febreiro).

2. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web <https://www.conselleriadeconomia.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>. Sen prexuízo disto, tamén poderá empregar a canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES).

3. No control e loita contra a fraude, a Consellería do Medio Rural actuará de conformidade co establecido no seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude.

Artigo 25. *Financiamento*

1. As accións previstas nesta orde financiaranse nos exercicios 2023 e 2024 con cargo aos seguintes códigos de proxecto:

a) 14.03.713B.770.0 2022 00139, excepto para entidades locais, por un importe de 3.406.748 euros distribuídos do seguinte xeito:

– 340.674,80 euros para o ano 2023.

– 3.066.073,20 euros para o ano 2024.

Segundo as liñas definidas, o crédito distribúese do seguinte xeito:

– Actuacións incluídas no artigo 7.1.a) (liña I: fomento de plantacións de castiñeiro para froito): 119.236,18 euros para 2023 e 1.073.125,62 euros para 2024.

– Actuacións incluídas no artigo 7.1.b) (liña II: rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros): 221.438,62 euros para 2023 e 1.992.947,58 euros para 2024.



No caso de que, unha vez priorizados os expedientes solicitados, non se consuma a totalidade do importe establecido pola distribución de crédito arriba indicada para as liñas I e II, os importes sobrantes pasarán a financiar a outra liña (a I ou a II, segundo corresponda) para facer fronte aos expedientes solicitados.

b) 14.03.713B.760.0 2022 00139, só para entidades locais, por un importe de 180.000 euros distribuídos do seguinte xeito:

- 18.000,00 euros para o ano 2023.
- 162.000,00 euros para o ano 2024.

Segundo as liñas definidas, o crédito distribúese do seguinte xeito:

– Actuacións incluídas no artigo 7.1.a) (liña I: fomento de plantacións de castiñeiro para froito): 6.300,00 euros para 2023 e 56.700,00 euros para 2024.

– Actuacións incluídas no artigo 7.1.b) (liña II: rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros): 11.700,00 euros para 2023 e 105.300,00 para 2024.

No caso de que, unha vez priorizados os expedientes solicitados, non se consuma a totalidade do importe establecido pola distribución de crédito arriba indicada para as liñas I e II, os importes sobrantes pasarán a financiar a outra liña (a I ou a II, segundo corresponda) para facer fronte aos expedientes solicitados.

2. Esta orde tramítase mediante tramitación anticipada de gasto, conforme o establecido no artigo 67 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

3. Este orzamento pode verse incrementado con remanentes adicionais de acordo coas dispoñibilidades de crédito. En todo caso, as concesións limitaranse ás dispoñibilidades orzamentarias. A Consellería do Medio Rural poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta orde, cando o incremento derive:

- a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.



b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, unha vez aprobada a modificación orzamentaria que proceda.

4. Estas axudas financiaranse con cargo aos fondos asignados ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

5. A distribución de fondos e aplicacións orzamentarias sinalados son unha previsión que, de acordo co artigo 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se deberá axustar, tras a valoración das solicitudes para adecuarse á proposta elaborada pola subdirección xeral responsable dos recursos forestais recollida no artigo 18.6 da orde. Será posible incluso a incorporación de novas aplicacións sen incrementar o crédito total, tendo en conta a natureza xurídica das entidades beneficiarias.

Artigo 26. *Infraccións e sancións*

En materia de infraccións e sancións será de aplicación o disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 27. *Alteración de condicións*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, para a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 28. *Obrigas*

1. As persoas beneficiarias da axuda e o solicitante están obrigadas a someterse ás actuacións de comprobación e control que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de control, así como ás comprobacións da Comisión Europea, da Oficina Europea de Lucha contra a Fraude (OLAF), do Tribunal de Contas da Unión Europea, se é o caso, á Fiscalía Europea, e aos controis derivados do Plan nacional de recu-



peración, transformación e resiliencia, que se realicen a través de autoridades nacionais ou europeas, facilitando tanta información e documentación lles sexa requirida.

2. O beneficiario está obrigado a someterse a calquera actuación que a Administración concedente poida realizar para comprobar a aplicación das axudas á finalidade que determinou a súa concesión, o cumprimento dos requisitos exixidos para a concesión e o pagamento da axuda e o mantemento das condicións establecidas nas bases reguladoras, a convocatoria e a resolución de concesión.

3. No caso de achado casual de obxectos e restos materiais que posúan valores que son propios do patrimonio cultural galego, o descubridor deberá comunicarllo inmediatamente á consellería competente en materia de cultura, de conformidade coa Lei 5/2016, do 4 de maio, pola que se regula o patrimonio cultural de Galicia.

4. As actuacións na zona lateral de protección do Camiño de Santiago serán comunicadas polo solicitante á consellería competente en materia de cultura, co obxecto de contar coa súa autorización previa, de conformidade coa Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

5. No caso da liña I, de acordo co indicado nesta orde, durante cinco (5) anos, contados a partir da data de remate dos traballos, realizarase obrigatoriamente, como mínimo, o control da vexetación de competencia e a reposición de calvas e, no caso de que o estado da forestación o requira:

a) Podas de formación e de calidade.

b) Fertilización cando o estado da planta o demande.

c) Achega de recursos hídricos de xeito puntual por planta cando o estado da planta o demande e, especificamente, para garantir a supervivencia da planta posterior á plantación, empregando medios que non supoñan a implantación de infraestruturas permanentes de rega.

6. De conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) nº 2021/241, é preceptiva a conservación da documentación xustificativa da aplicación dos fondos recibidos durante un período de 5 anos a partir do pagamento do saldo ou, na falta deste pagamento, da operación. Este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.



7. Os beneficiarios desta orde comprométense a cumprir co principio horizontal de «non causar prexuízo significativo» (*Do no significant harm*, DNSH), definido no artigo 2.6) do Regulamento (UE) nº 2021/241, respecto dos seis obxectivos ambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021 e definidos no Regulamento (UE) nº 2020/852 (Regulamento de taxonomía da UE):

- a) Mitigación do cambio climático.
- b) Adaptación ao cambio climático.
- c) Uso sustentable e protección dos recursos hídricos e mariños.
- d) Transición cara a unha economía circular.
- e) Prevención e control da contaminación.
- f) Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas.

8. Tal e como se recolle no punto 13 do artigo 11 da presente orde, as axudas estarán vinculadas á consecución dos obxectivos que se perseguen e, polo tanto, tal e como ser recolle punto 14 do devandito artigo, será necesario que as persoas beneficiarias acrediten a consecución dos obxectivos asociados ás actuacións mediante a cuantificación de indicadores e medicións.

Artigo 29. *Medidas informativas e publicitarias*

1. Nos instrumentos de información e difusión que utilice a Consellería do Medio Rural aplicaranse as obrigas de comunicación, logos e emblema exixidos no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR.

2. Os beneficiarios desta orde de axudas farán mención da orixe deste financiamento e velarán por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento axeitado que indique «Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU», en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.



3. En todos os proxectos deberá exhibirse de forma correcta e destacada o emblema da UE cunha declaración de financiamento axeitado que diga «Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU», xunto ao logo do PRTR, dispoñible na ligazón <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>

Durante a realización da operación, o beneficiario informará o público da axuda obtida do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, exhibindo un panel de tamaño A3 (297x420 mm), segundo o modelo que se recolle no anexo XII, en lugar ben visible, que fará referencia clara e inequívoca á axuda concedida, con expresión dos datos identificativos desta orde, acompañados polo logotipo oficial da Xunta de Galicia, o logotipo da Consellería do Medio Rural, o logotipo do Xacobeo 21-22 e o emblema da UE, cunha declaración de financiamento adecuado que diga «financiado por la Unión Europea-NextGenerationEU», xunto ao logo do PRTR, dispoñible na ligazón <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>

Este panel deberá manterse durante todo o período de mantemento do investimento.

4. Cando a beneficiaria dispoña dun sitio web para uso profesional, deberá incluír neste unha breve descrición da operación cando poida establecerse un vínculo entre o obxecto do sitio web e a axuda prestada á operación, cos seus obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión.

Artigo 30. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Disposición adicional primeira

As axudas concedidas nesta orde son incompatibles coas axudas para o cesamento anticipado da actividade agraria e con calquera outra axuda sobre a mesma superficie.



Disposición adicional segunda

1. As axudas a persoas física e xurídicas que realicen actividades económicas que se poidan conceder ao abeiro da presente orde sométense ao réxime *de minimis*, Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L352/1, do 24.12.2013), polo que cada persoa beneficiaria non poderá recibir máis de 200.000 euros de axudas sometidas ao antedito réxime, durante calquera período de tres exercicios fiscais.

2. Para tal efecto, as posibles persoas beneficiarias indicadas nos números 1 e 2 do artigo 5 da presente orde, que sexan persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades económicas, deberán xuntar, coa súa solicitude, declaración sobre calquera outra axuda sometida ao devandito réxime *de minimis* recibida nos dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio en curso.

3. Na resolución de concesión farase constar o importe da axuda, expresado en equivalente bruto de subvención, así como a súa natureza *de minimis*, segundo o Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013.

Disposición adicional terceira

No non previsto nesta orde observárase o disposto no Regulamento (UE) nº 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19; no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia; no Regulamento (UE, Euratom) nº 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os regulamentos (UE) nº 1296/2013, (UE) nº 1301/2013, (UE) nº 1303/2013, (UE) nº 1304/2013, (UE) nº 1309/2013, (UE) nº 1316/2013, (UE) nº 223/2014 e (UE) nº 283/2014 e a Decisión nº 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) nº 966/2012; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR; na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR; na Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que deben proporcionar as entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento



do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Disposición adicional cuarta

De conformidade co establecido nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas, transmitírase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional quinta

De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPDP), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición derradeira primeira

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para a aplicación ou o cumprimento do establecido nesta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2022

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural

CVE-DOG: w7f2juc5-zr26-r8g9-ga22-h1o98y7ueua4



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS AO FOMENTO DE PLANTACIÓNS DE CASTIÑEIRO PARA FROITO E PARA A REXENERACIÓN E/OU MELLORA DE SOTOS TRADICIONAIS DE CASTIÑEIRO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA DE ESPAÑA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXT GENERATION EU	MR670D	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
PARROQUIA	LUGAR						
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal).	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.	
Envíaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora
<https://sede.xunta.gal>

CVE-DOG: w7f2juc5-zr26-r8g9-ga22-h1o98y7ueua4

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**ANEXO I
(continuación)**
TIPO DE SOLICITANTE

- ☐ Comunidade de montes veciñais en man común
- ☐ Persoa propietaria particular a título individual
- ☐ Sociedade de fomento forestal (Sofor)
- ☐ Sociedade ou agrupación de persoas propietarias particulares formalmente constituída
- ☐ *Pro indiviso* (varias persoas copropietarias)
- ☐ Cooperativa agraria
- ☐ Comunidade de bens
- ☐ Outras persoas xurídicas
- ☐ Pro indiviso legalmente constituído (varias persoas copropietarias), montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou fabeo
- ☐ Axentes promotores produtivos (Lei 11/2021)
- ☐ Persoas cuxas propostas para o aproveitamento de parcelas incorporadas á aldeas modelo fosen seleccionadas (Lei 11/2021)
- ☐ Entidade local

OUTROS DATOS (marcar o que proceda)

Por cada membro de CMMC, sociedades ou agrupacións de persoas propietarias particulares, de cooperativa agrícola, de pro indiviso, de montes de varas, abertais, de voces, de fabeo ou de comunidade de bens.

Nº de persoas agrupadas:

Agrupacións forestais de xestión conxunta, cuxo recoñecemento, ao abeiro do disposto no artigo 122 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e no 16 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, poden solicitar as seguintes entidades cuxa actividade se desenvolva en terreos forestais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia: (marcar só unha, se procede)

- ☐ Asociacións sen ánimo de lucro constituídas para o auxilio, apoio e asesoramento ás persoas propietarias ou titulares dos dereitos de aproveitamento de terreos na planificación da xestión agroforestal e na xestión e comercialización conxunta dos seus aproveitamentos, sempre que estean compostas por persoas titulares dos indicados dereitos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ☐ Sociedades civís e comunidades de bens.
- ☐ Cooperativas e outras entidades de economía social.
- ☐ Sociedades agrarias de transformación.
- ☐ Sociedades mercantís reguladas na lexislación de sociedades de capital.
- ☐ Sociedades de fomento forestal (Sofor).
- ☐ Calquera outra que teña por obxecto a recuperación, de forma conxunta, de terras agroforestais.

Monte cun proxecto de ordenación inscrito no Rexistro de Montes Ordenados ou que teñan solicitada a súa aprobación

☐ SI ☐ NON

Monte con certificación forestal co sistema PEFC ou FSC

☐ SI ☐ NON

